


RECITAL POÉTICO

Venres 26 de novembro de 2010, ás 20.30 h,
No Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.



**VÍDEO-POEMA *ELÉNCAR*
POR CARLOS OROZA**



Presentación

É un pracer poder presentar, dentro da programación do III Outono das Letras da Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”, no marco do XVI Seminario de Historia de Culleredo, este espectáculo, o vídeo-poema *Eléncar*, a cargo do poeta Carlos Oroza, ao que o escritor Manuel Rivas considera o mellor rapsoda de Europa.

O espectáculo consistirá nun recital do poeta coa proxección do vídeo-poema **Eléncar**, realizado por Carlos Vilas Bugallo. **Eléncar** é unha produción propia de Carlos Vilas na que revisa o texto orixinal, sobre un fondo de música contemporánea e imaxes cinematográficas.

Agardamos poder compartir con todos vós unha velada indolvidable.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Carlos Oroza naceu en Viveiro (Lugo) en 1933. Nos anos sesenta fíxose famoso no ambiente literario-poético grazas á realización de múltiples recitais por toda España, adscritos en forma e contido aos da Xeneración Beat. Ten sido considerado o “Allen Ginsberg español”. Francisco Umbral escribiu del que “[Carlos Oroza] era el poeta maldito del café Gijón, el bohemio de los sesenta”.

Nesa época fundou, xunto a Víctor Lizárraga e Victoria Paniagua, a revista Tropos. Outorgóuselle en Nova York o premio internacional de Poesía Underground. Después de vivir en Madrid, Ibiza e EEUU, reside en Vigo.

Téñenselle feito diversas homenaxes. Un instituto de Secundaria de Pontevedra leva o seu nome.

É coñecido principalmente pola interpretación e performance da súa propia obra. Dita obra é escasa, frecuentemente rescrita e baseada en poemas de versos libres cun grande predominio do ritmo. É poesía para ser escoitada xa que o poeta se declara a favor da oralidade, considerando aos libros "*cementerios de signos*".

Obra publicada

Eléncar (1974)

Cabalum (Edicións do Castro, 1980).

Alicia (1985)

Una porción de tierra gris del norte (1996)

En el norte hay un mar que es más alto que el cielo (1ª ed. 1997, revisada e ampliada en 2005 (Deputación de Pontevedra).

La llama prestada (1998)

Un sentimiento ingrávido recorre el ambiente (con ilustracións de Antón Lamazares, Raíña Lupa e Yves Rivière, 2006).

